


Amigos  de la **Ópera**



PROGRAMACIÓN LÍRICA DE A CORUÑA 2017

“Concierto del 65 aniversario”

Pretty Yende, soprano

Teatro Rosalía de Castro, 8 de diciembre (20.30 h)



PROGRAMACIÓN LÍRICA DE A CORUÑA 2017

EDITA

Amigos de la Ópera de A Coruña

DISEÑO Y MAQUETACIÓN

Lamarck Publicidad

TRADUCCIÓN

Roxelio Xabier García Romero

IMPRIME

Imprenta da Deputación da Coruña



Pretty Yende en "El Barbero de Sevilla", Metropolitan de Nueva York.

Concierto del 65 aniversario

PRIMERA PARTE / PRIMEIRA PARTE

G. Rossini. *Le Comte Ory*... "En proie a la tristesse... Celeste providence".

G. Donizetti. *Don Pasquale*... Obertura.

G. Rossini. *Il Barbiere di Siviglia*... "Una voce poco fa".

V. Bellini. *Beatrice di Tenda*.

Preludio.

"Oh miei fedeli... Ah la pena..."

SEGUNDA PARTE / SEGUNDA PARTE

G. Meyerbeer. *Les Huguenots*... "Oh beau pays...A seul mot".

Le Prophète... Ballet.

Dinorah... "Ombre legere".

V. Bellini. *Norma*. Obertura.

La Sonámbula. "Ah non credea mirarti... Ah non giunge!".

Pretty Yende, soprano

Orquesta Sinfónica de Galicia

Kemal Khan, director

65 AÑOS DE CULTO A LA ÓPERA

Dos nombres, para la dimensión operófila de los coruñeses, signaron sendos hitos: Nicolás Setaro, que en 1768 construyó un teatro cerca de las murallas y en él representó ópera italiana. Se lo derribaron, y construyó otro en terrenos de lo que hoy es la plaza del Humor.

El otro nombre, ya en el siglo XX, es el de Cristino Álvarez, farmacéutico, concejal y hombre de atinadas propuestas tal la creación, en 1952, de la Asociación Amigos de la Ópera de La Coruña, pionera en España. A él hay que añadir el de Luis Iglesias de Souza, cofundador y director artístico encargado hasta 1977 de la programación, circunstancia que quien esto escribe conoce perfectamente, por cuanto en 1975 le dio la oportunidad de interpretar el papel de Lord Arturo en *Lucia de Lammermoor*. Iglesias de Souza, además de ser un factótum artístico en la ciudad, era el delegado de los Festivales de España.

Así pues, desde Setaro hubo ópera continuamente en Coruña: Teatro Variedades de la Franja, Teatro Principal, desde 1909 Teatro Rosalía de Castro y el Teatro Colón desde 1949. Tanta afición había que canalizarla en una Asociación.

Las jóvenes figuras.

Inexcusable es citar también a los jóvenes cantantes que pasaron por la ciudad antes y durante Amigos de la Ópera y que luego serían grandes figuras: Ofelia Nieto, Ángeles Ottein, Victoria de los Ángeles, María Luisa Nache, Marimí del Pozo, Gianna D'Angelo, Ana María Olaria, Ghena Dimitrova, Montserrat Caballé, Ángeles Gulín entre las sopranos; destacar entre las mezzos a Teresa Berganza y Viorica Cortez, así como a los tenores Tito Schipa, Mario del Monaco, Giuseppe Di Stefano, Carlos Guichandut, Alfredo Kraus, Carlo Bergonzi, José Carreras y a los barítonos Franco Bordoni, Giuseppe Taddei, Manuel Ausensi, Vicente Sardinero, y cómo no, al bajo coruñés Antonio Campó, que tan decisivo fue para la presencia en el Festival de Alfredo Kraus. Hasta contar actualmente con el arte y la generosidad de Leo Nucci y Celso Albelo.

Y bien atinado es apelar, para celebrar el aniversario, a la presencia de una figura emergente, de 32 años: la sudafricana Pretty Yende, triunfadora ya en la Scala de Milán y el Metropolitan de Nueva York.

La Yende era una *predestinata*. A los 16 años escuchó un anuncio de la tele en el que se oía el hermoso dúo de las flores de *Lakmé* de Leo Delibes y se despertó en ella el universo canoro que llevaba dentro. Tal situación connota con la "caída del caballo" que tuvieron unos adolescentes coruñeses, Agustín Hervella, Antonio Vasco, Germán Cruz, Suso Blanco, después de ver la película "El Gran Caruso" protagonizada por Mario Lanza. Convertidos en operófilos irredentos jugarían un papel de gran importancia en la directiva de Amigos de la Ópera.

La cuestión es que Pretty Yende, con sus grandes facultades perfectamente orientadas, ganó a los 25 años el premio "Operalia". Y aquí está, joven y ya diva.

El canto de coloratura.

La tesitura de Pretty Yende, soprano lírico-ligera, nos sitúa en categoría vocal de gran atractivo histórico. Con el nacimiento de la Ópera en 1600, aparece el canto para solista y el carácter teatral y dramático del nuevo género exige desarrollo vocal y expresivo. Lo pondría el genio de los compositores, desde Monteverdi a Porpora y Haendel como cumbre de la ópera barroca.

En esa etapa, que sitúa a Georg Friedrich Haendel en Roma y a Nicolò Porpora en Nápoles, para converger y competir ambos en Londres, el canto adornado y epatante alcanza niveles extraordinarios. En ello juegan papel determinante los *castrati*, como Farinelli y Caffarelli, alumnos de Porpora, que lo mismo los preparaba para el canto patético o *spianato* (escúchese, por ejemplo, *Alto Giove*, de *Polifemo*, de Porpora), como para la pirotecnia más asombrosa (escúchese, por ejemplo, *Son qual nave ch'agittata*, de Ricardo Broschi, hermano de Farinelli, para *Artajerje*). Paisiello, Cimarosa, Mozart, luego Rossini, retomaron aquellos estilemas que exigen de los cantantes pulcritud, belleza vocal, musicalidad y sentimiento.

Muestrario.

Pretty Yende propone como muestra de catálogo y de su arte seis números de gran impacto, pertenecientes al estilo belcantista, tres en cada parte.

Le Comte Ory, desopilante comedia de origen medieval, de Gioacchino Rossini (1792-1868), que se estrenó en 1828 en París. La condesa Adèle es deseada por el conde Ory, que no repara en disfraces, eremita o monja, para conseguirla. Desasosegada, confiesa, en *En Proie a la Tristesse*, que presa de la tristeza sufre y gime sin cesar, y en *Celeste Providence* se encomienda a la providencia celestial y al falso ermitaño, que no es otro que Ory.

En *Il Barbiere di Siviglia*, destapa las esencias de la ópera bufa. Su heroína Rosina es muchacha amorosa y de armas tomar. Se deja seducir por el conde de Almaviva, que se hace llamar Lindoro. Ella saborea la ofrenda: *Una voce poco fa...*, o sea “hace poco una voz me resonó en el corazón”, para, luego, previendo obstáculos, declarar su carácter: *Ma se mi toccano dov'è il mio debole, sarò una vipera e cento trappole farò giocare...*, o sea, “pero si me tocan en mi punto débil, me convertiré en una víbora y cientos de trampas utilizaré” y *la vincerò!*, y “¡venceré!”. Hoy lo cantan mezzos o sopranos lírico-ligeras. Hay una edición de Ricordi, supervisada por Alberto Zedda, que en el apéndice presenta la parte de soprano debidamente anotada.

El siguiente es Vincenzo Bellini (1801-1835), *Beatrice di Tenda*, estrenada en 1833, que cuenta la historia de Filippo Visconti de Milán, su amante Agnese y la propia Beatrice, su esposa, que, acusada ella de infiel, se ve abocada a la muerte. Rodeada de sus damas, en *Oh mie fedeli...* se compara con la flor que ella misma ha

cortado. En *Ma la sola, hoimè!* son io... se lamenta por cuanto la situación le hará perder cuanto dio a Filippo. Y en *Ah! la pena in lor pimbó, dell'amor che mi perdè...*, admite que 'la pena sobre ellos cayó por el amor que me negó...'

En la segunda parte, nos encontramos con Giacomo Meyerbeer (1797- 1864) compositor alemán adherido al movimiento de la Grand Opera, que había nacido con Auber. Su grandilocuencia le ganó éxitos y prosperidad, y también denuestos de la posteridad. Su gran éxito fue *Los Hugonotes* (1836), un tremendo dramón basado en hechos reales: el genocidio de los hugonotes en la noche de san Bartolomé de 1572. En medio de tanta sordidez, Marguerite de Valois, en su *O beau pays de la Touraine!*, entona un canto bucólico en alabanza de esas tierras ("O hermosa tierra de Turena!"), pero no puede dejar de evocar a Lutero y Calvino, "ministros del cielo cuya severa moralidad hace que el nombre de Dios nos llene de temor".

De Meyerbeer es también *Dinorah* (1859), leyenda bretona. Protagonista es una pastora que vive trastornada desde que su novio la abandonó en el altar. Los vecinos la llaman la loca. En el aria *Ombre légère* ("Sombra ligera"), piedra de toque para las lírico-ligeras, habla con su propia sombra que le proyecta la luna. Es un aria de locura.

Al final, vuelve a Bellini con *La Sonámbula*. Melodías subyugantes para la ingenuidad de Amina, acusada de infiel por entrar dormida en el cuarto de un conde. Queda patente su inocencia, cuando entona su lamento final: *Ah se una volta sola...*, que expresa su deseo de ver aún a Elvino. Oye las campanas y pierde la esperanza. En el aria *Ah non credea mirarti* compara las flores con el mustio amor que tan solo un día le duró. Despierta y todos la acogen con amor y los llevan al templo. Muestra su exultación con la *cabaletta*: *Ah non giunge*.

La orquesta tocará la obertura de *Don Pasquale*, de Donizetti, el prelude de *Beatrice di Tenda*, el Ballet de *El profeta*, de Meyerbeer, y la obertura de *Norma*. Bienvenidos intermedios tan poco usuales en este tipo de concierto.

Antón de Santiago

Dous nomes, para a dimensión operófila dos coruñeses, marcaron senllos fitos: Nicolás Setaro, que no 1768 construíu un teatro perto das murallas e nel representou ópera italiana. Derribáronllo, e construíu outro en terreos do que hoxe é a praza Del Humor.

O outro nome, xa no século XX, é o de Cristino Álvarez, farmacéutico, concelleiro e home de asisadas propostas: tal a en 1952, a Asociación Amigos de la Ópera de La Coruña, pioneira en España. A el habería que engadir o de Luis Iglesias de Souza, cofundador e director artístico encargado da programación ata o 1977, circunstancia esta que quen isto asina coñece moi ben xa que en 1975 deulle a oportunidade de interpretar o papel de Lord Arturo en *Lucia de Lammermoor*. Iglesias de Souza, ademais de ser un factótum artístico na cidade, era o delegado dos Festivales de España.

Xa que logo, desde Setaro huobo ópera continuamente en Coruña: Teatro Variedades da Franxa, Teatro Principal, desde 1909 Teatro Rosalía de Castro, e o Teatro Colón desde 1949. Tanta afición había que canalizala nunha Asociación.

As xoves figuras.

Inexcusable é citar tamén as xoves cantantes que pasaron pola cidade antes durante Amigos de la Ópera y que logo serían grandes figuras: Ofelia Nieto, Angeles Ottein, Victoria de los Ángeles, María Luisa Nache, Marimí del Pozo, Gianna D'Angelo, Ana María Olaria, Ghena Dimitrova, Montserrat Caballé, Angeles Gulín entre as sopranos; salientar entre as mezzos a Teresa Berganza e Viorica Cortez, así como aos tenores Tito Schipa, Mario del Monaco, Giuseppe D'Stefano, Carlos Guichandut, Alfredo Kraus, Carlo Bergonzi, José Carreras e aos barítonos Franco Bordoni, Giuseppe Taddei, Manuel Ausensi, Vicente Sardinero, e coma non, o baixo coruñés Antonio Campó, que tan decisivo foi para a presenza no Festival de Alfredo Kraus. Ata contar na actualidade coa arte e a xenerosidade de Leo Nucci e Celso Albelo.

Xa que logo, é ben asisado apelar, para celebrar o aniversario, á presenza dunha figura emerxente, de 32 anos: a sudafricana Pretty Yende, trunfadora xa na Scala de Milán e no Metropolitan de Nova York.

A Yende era unha *predestinata*. Aos 16 anos escoitou un anuncio da tele no que se oía o fermoso dúo das flores de *Lakmé*, de Leo Delibes, e espertou nela o universo canoro que levaba dentro. Semellante situación connota coa "caída do cabalo" que tiveron uns mocíños coruñeses, Agustín Hervella, Antonio Vasco, Germán Cruz, Suso Blanco, logo de ver a película "El gran Caruso" protagonizada por Mario Lanza. Convertidos en operófilos irredentos xogarían papel de grande importancia na directiva de Amigos de la Ópera.

A cuestión é que Pretty Yende, coas súas grandes facultades perfectamente orientadas, gañou aos 25 anos o premio "Operalia". E velaquí está, xove e diva.

O canto de coloratura.

A tesitura de Pretty Yende, soprano lírico-lixreira, ponnos en categoría vocal de grande atractivo histórico. Co nacemento da Opera en 1600, aparece o canto para solista e o carácter teatral e dramático do novo xénero exige desenvolvemento vocal e expresivo. Poñeríao o xenio dos compositores, desde Monteverdi a Porpora e Haendel como cumio da ópera barroca.

Nesa etapa, que sitúa a Georg Friedrich Haendel en Roma e a Nicolò Porpora en Nápoles, para converxer e competir ambolosdous en Londres, o canto adornado e epatante acadou niveis extraordinarios. No que xogan papel decisivo os castrati, como Farinelli e Caffarelli, alumnos de Porpora, que o mesmo os adestrou para o canto patético ou *spianato* (escóitese, por exemplo, *Alto giove*, de *Polifemo*, de Porpora), como para a pirotecnica máis abraiante (escóitese *Son qual nave ch'agitata*, escrita por Ricardo Broschi, irmán de Farinelli, para *Artajerje*). Os Paisiello, Cimarosa e Mozart, logo Rossini, retomaron aqueles estilemas que existen dos cantantes pulcritude, beleza vocal, musicalidade e sentimento.

Mostrario.

Pretty Yende propón como mostra de catálogo e da súa arte seis números de grande impacto, pertencentes ao estilo belcantista, tres en cada parte.

Le Comte Ory, desopilante comedia de orixe medieval de Gioacchino Rossini (1792-1868), estreada en 1828 en París. A condesa Adèle é desexada polo conde Ory, que non repara en disfraces, de eremita ou de monxa, para conquistala. Desacougada, confesa, en *En proie a la tristesse*, que presa da tristura sofre e xime sen consolo, e en *Celeste Providence* encoméndase á celestial providencia e ao billardeiro eremita, que non é outro que Ory.

En *Il Barbiere di Siviglia*, destapa as esencias da ópera bufa. A súa heroína Rosina é moza agarimosa e tamén de armas tomar. Déixase seducir polo conde de Almaviva, que se fai chamar Lindoro. Ela saborea a ofrenda: *Una voce poco fa...*, ou sexa, “hai pouco unha voz me resonou no corazón”, para despois, vindo vir os atrancos, amosar o seu carácter: *Ma se mi toccano dov'è il mio debole, sarò una vípera e cento trappole farò giocare...*, ou “mais se me toca no meu punto débil, convertireime nunha víbora e centos de trampas usarei” e *la vincerò!*, e “vencerei!”. Hoxe cántano mezzos e sopranos lírico-lixreiras. Hai unha edición de Ricordi, supervisada por Alberto Zedda, na que no apéndice aparece a parte de soprano debidamente anotada.

O seguinte é Vincenzo Bellini (1801-1835), *Beatrice di Tenda*, estreada en 1833, que amosa a historia de Filippo Visconti de Milán, a súa amante Agnese e a mesma Beatrice, a súa muller, que, acusada ela de infidel, vese abocada á morte. Rodeada das súas damas, en *Oh mie fedeli...* compárase coa flor que ela mesma cortou. En

Ma la sola, hoimè! son io... láíase da situación que lle fará perder o que deu a Filippo. E en *Ah! la pena in lor piombò, dell'amor che mi perdè...* asume que “a pena sobre eles caeu polo amor que me negou...”

Na segunda parte, atopámonos con Giacomo Meyerbeer (1797-1864), compositor alemán achegado ao movemento da Grand Opera, que nacera con Auber. A súa fachenda constructiva gañoulle éxitos e prosperidade, e tamén aldraxes no futuro. O seu grande éxito foi *Les Hugonotes* de 1836, un tremendo dramón baseado en feitos reais: o xenocidio dos hugonotes da man dos católicos na noite de san Bartolomé de 1572. No medio de tal sordidez, Marguerite de Valois, entoa un canto bucólico de loubanza, “Ou fermosa terra de Turena!”, pero non deixa de evocar a Lutero e Calvino, ‘ministros do ceo cuxa severa moralidade fai que o nome de Deus nos enche de temor’.

De Meyerbeer é tamén *Dinorah* (1859), lenda bretona, é protagonista unha pastorciña que quedou trastornada desque o noivo a deixou abandonada no altar. Os veciños chámanlle “a tola”. Na aria *Ombre légère* (Sombra lixeira), pedra de toque para as lírico-lixerías, fala coa súa propia sombra que lle proxecta a lúa. Ven sendo un aria de loucura.

Ao remate, volve a Bellini con *La Sonnambula*. Melodías subxugantes para a inxenuidade de Amina, acusada de infidel por entrar durmindo no cuarto dun conde. Amosa a súa inocencia, cando entoa o seu laio final: *Ah se una volta sola...* que expresa o desexo de ver aínda a Elvino. Oe as campás o que lle fai perder a esperanza. Na aria *Ah, non credea mirarti* compara as flores co murcho amor que tan só un día lle durou. Esperta e todos acóllena con agarimo e lévanos ao templo. Amosa a súa exultación cunha *cabaletta*: *Ah non giunge*.

A orquestra tocará a obertura de *Don Pasquale*, de Donizetti, o preludio de *Beatrice di Tenda*, o Ballet de *El profeta*, de Meyerbeer, e a obertura de *Norma*. Benvidos intermedios tan pouco comúns neste tipo de concertos.

Antón de Santiago



PRETTY YENDE
Soprano

Con su encanto magnético, sus aclamadas actuaciones tanto por el público como por la crítica en óperas y conciertos en el mundo entero y la extraordinaria recepción lograda por sus premiadas dos primeras grabaciones para el sello Sony, la soprano sudafricana Pretty Yende se ha convertido rápidamente en una de las más brillantes estrellas de la música clásica de hoy. Desde su temprano debut en el Latvian National Theatre, en Riga, como Micaela en *Carmen*, se ha presentado prácticamente en todos los principales teatros del mundo, incluyendo la Royal Opera House Covent Garden de Londres, Opéra National de París, Metropolitan Opera de Nueva York, Teatro alla Scala de Milán, Deutsche Oper y Staatsoper de Berlín, Bayerische Staatsoper en Munich, Opernhaus de Zurich, ... En recientes temporadas, Yende ha debutado como Teresa en *Benvenuto Cellini* en la Opéra National de París y Marie en *La Fille du Régiment* en el Teatro de la Maestranza de Sevilla haciendo además regreso al Metropolitan Opera como Adina en *L'Elisir d'Amore* y el rol principal en *Lucia di Lammermoor*. También se unirá próximamente a la Orquesta del Metropolitan Opera en el Carnegie Hall en el *Exsultate Jubilate* de Mozart y la *Cuarta Sinfonía* de Mahler y cantará Lucia en la Deutsche Oper Berlin, Adina en Wiesbaden y conciertos en Suiza, España y Austria.

Durante la temporada 2016/17, Yende ha tenido el raro honor de protagonizar tres roles principales en el Metropolitan Opera: Rosina en *Il Barbiere di Siviglia*, Juliette en *Romeo et Juliette* y Elvira en *I Puritani*. Hizo su debut en la Bayerische Staatsoper como Adina en *L'Elisir d'Amore*, cantó Adina en la Royal Opera House, Covent Garden, y el rol principal en *Lucia di Lammermoor* en la Opéra National de París. Además, lanzó su álbum *A Journey* para Sony Classical y apareció como invitada musical en *The Late Show* con Steven Colbert, *The Wendy Williams Show* y *Good Morning America*.

En la temporada 2015/16, Yende hizo su aclamado debut en la Opéra National de París como Rosina. Otros

compromisos incluyeron Lucia en la Deutsche Oper Berlin, Adina en la Staatsoper Berlin, Pamina en *Die Zauberflöte* en el Grand Théâtre de Ginebra, Elvira en la Opernhaus de Zurich, así como en conciertos en Johannesburgo, Cape Town, Viena y Pésaro. En la temporada 2014/15, Yende cantó Susanna en *Le Nozze di Figaro* con Los Angeles Opera y se presentó como Pamina en el Metropolitan Opera, Lucia en la Deutsche Oper Berlin y Rosina en la Den Norske Opera en Oslo. También ofreció conciertos en Viena, Munich, Amsterdam y en el Carnegie Hall.

En enero de 2013, Pretty Yende hizo su debut con gran éxito de público y crítica en el Metropolitan Opera, cantando Adele en *Le Comte Ory* junto a Juan Diego Flórez. Inmediatamente después vendría su aclamado debut en Viena, en el Theater an der Wien, en la misma ópera. En 2011, graduada de la Accademia del Teatro alla Scala, Yende hizo su debut como Berenice en *L'Occasione fa il Ladro* de Rossini. En 2010, se convirtió en la primera artista en la historia del prestigioso Concurso Belvedere en ganar el premio en todas las categorías y después ganó el primer premio en el Concurso Operalia de Plácido Domingo, en 2011.

Su nueva grabación para Sony, *Dreams*, con arias de óperas, ha obtenido el premio a la mejor grabación del año en los recientes Oscar de la Ópera, entregados en Londres.

PRETTY YENDE

Soprano

Co seu encanto magnético, as súas aclamadas actuacións tanto polo público como pola crítica en óperas e concertos no mundo enteiro e a extraordinaria recepción lograda polas súas premiadas dúas primeiras gravacións para o selo Sony, a soprano surafricana Pretty Yende converteuse rapidamente nunha das máis brillantes estrelas da música clásica de hoxe. Desde o seu temperán debut no Latvian National Theatre, en Riga, como Micaela en *Carmen*, presentouse practicamente en todos os principais teatros do mundo, incluíndo a Royal Opera House Covent Garden de Londres, a Opéra National de París, a Metropolitan Opera de Nova York, o Teatro alla Scala de Milán, a Deutsche Oper e Staatsoper de Berlín, a Bayerische Staatsoper en Múnic, a Opernhaus de Zurich, ... En recentes temporadas, Yende debutou como Teresa en *Benvenuto Cellini* na Opéra National de París e Marie na obra *La Fille du Régiment* no Teatro da Maestranza de Sevilla, e fixo, ademais, regreso ao Metropolitan Opera como Adina en *L'Elisir d'Amore* e o rol principal en *Lucia di Lammermoor*. Tamén se unirá proximamente á Orquestra do Metropolitan Opera no Carnegie Hall no

Exsultate Jubilate de Mozart e a *Cuarta Sinfonía* de Mahler e cantará Lucia na Deutsche Oper Berlin, Adina en Wiesbaden e concertos en Suíza, España e Austria.

Durante a temporada 2016/17, Yende tivo o raro honor de protagonizar tres roles principais no Metropolitan Opera: Rosina en *Il Barbiere di Siviglia*, Juliette en *Romeo et Juliette* e Elvira na obra *I Puritani*. Fixo o seu debut na Bayerische Staatsoper como Adina en *L'Elisir d'Amore*, cantou Adina na Royal Opera House, no Covent Garden, e o rol principal en *Lucia di Lammermoor* na Opéra National de París. Ademais, lanzou o seu álbum *A Journey* para Sony Classical e apareceu como invitada musical en *The Late Show* con Steven Colbert, *The Wendy Williams Show* e *Good Morning America*.

Na temporada 2015/16, Yende fixo o seu aclamado debut na Opéra National de París como Rosina. Outros compromisos incluíron Lucia na Deutsche Oper Berlin, Adina na Staatsoper Berlin, Pamina en *Die Zauberflöte* no Grand Théâtre de Xenebra, Elvira na Opernhaus de Zurich, así como en concertos en Johannesburgo, Cape Town, Viena e Pésaro. Na temporada 2014/15, Yende cantou Susanna en *Le Nozze di Figaro* con Los Angeles Opera e presentou como Pamina no Metropolitan Opera, Lucia na Deutsche Oper Berlin e Rosina na Den Norske Opera en Oslo. Tamén ofreceu concertos en Viena, Múnic, Ámsterdam e no Carnegie Hall.

En xaneiro de 2013, Pretty Yende fixo o seu debut con grande éxito de público e crítica no Metropolitan Opera, cantando Adele en *Le Comte Ory* xunto a Juan Diego Flórez. Inmediatamente despois viría o seu aclamado debut en Viena, no Theater an der Wien, na mesma ópera. En 2011, graduada da Accademia do Teatro alla Scala, Yende fixo o seu debut como Berenice en *L'Occasione fa il Ladro* de Rossini. En 2010, converteuse na primeira artista na historia do prestixioso Concurso Belvedere en gañar o premio en todas as categorías e despois gañou o primeiro premio no Concurso Operalia de Plácido Domingo, en 2011.

A súa nova gravación para Sony, *Dreams*, con arias de óperas, obtivo o premio á mellor gravación do ano nos recentes Oscar da Ópera, entregados en Londres.



KAMAL KHAN
Director

El director de orquesta y pianista americano Kamal Khan ha actuado con numerosas compañías de ópera en todo el mundo, incluyendo Metropolitan Opera, Dallas Opera, Baltimore Opera, Palm Beach Opera, Teatro Colón de Buenos Aires, Teatro Municipal de Río de Janeiro y Sao Paulo en Brasil, Teatro de las Bellas Artes de México, Oper der Stadt Bonn y Staatstheater Schwerin, en Alemania, Cape Town Opera, Opera South Africa, Opera de Puerto Rico y los festivales de Santander, Mérida, A Coruña, Tenerife y Málaga en España. Además ha dirigido la Jerusalem Symphony, Buenos Aires Philharmonic, Beijing Symphony, Shanghai Symphony, São Paulo Philharmonic, Sinfónica de Baleares, Filarmónica de Oviedo, Orquesta de la RTVE, Cape Town Philharmonic, Kwazulu-Natal Philharmonic y la Orchestra of the Academy of St Martin in the Fields.

Entre las óperas que ha dirigido se encuentran, *Don Giovanni*, *Le Nozze di Figaro*, *Così fan Tutte*, *Die Zauberflöte*, *Norma*, *I Puritani*, *La Sonnambula*, *Lucia di Lammermoor*, *La Favorita*, *L'Elisir d'Amore*, *Tosca*, *Rigoletto*, *La Bohème*, *Il Trittico*, *Turandot*, *La Traviata*, *Nabucco*, *Un Ballo in Maschera*, *Carmen*, *Werther*, *Mefistofele*, *Cavalleria Rusticana*, *I Pagliacci*, *Die Fliegende Holländer*, *Ariadne auf Naxos*, *Porgy and Bess*, *Die Fledermaus*, *The Rake's Progress*, *The Merry Widow* y las premieres en África de *Il Viaggio a Reims* y *Dead Man Walking* y las *Five:20 Operas Made in South Africa* comisionadas para celebrar el South African College of Music's Centennial in 2011 seguido de las *Four:30 Operas Made in South Africa*.

Como recitalista y pianista acompañante, ha actuado en el Alice Tully Hall, Carnegie Hall y Weill Hall en Nueva York, The Kennedy Center en Washington DC, Gran Teatro Liceu y Palau de la Música Catalana en Barcelona, Palais Garnier en París, Suntory Hall y Casals Hall en Tokyo, el Palau de Congressos en Andorra y el Baxter Concert Hall y Montecasino en Sudáfrica con cantantes como Juan Pons, June Anderson, Verónica Villarroel,

Pretty Yende, Nadine Sierra, Justino Diaz, Lauren Flanigan, Herman Prey y Ainoha Arteta.

Kamal Khan es el responsable de la Escuela de Ópera en la Universidad de Cape Town, facultad afiliada a la Royal Opera House Covent Garden Jette Parker Young Artists Program. Es además director artístico y musical del Mediterranean Opera Studio y Festival. Ha sido director asistente en el Metropolitan Opera y director residente de la Palm Beach Opera, donde ha fundado el Resident Artist Program. También fue director residente del Festival de Ópera de Tenerife y responsable de la Facultad de la Escuela Internacional de Estudios Vocales de las Islas Baleares. Además ha colaborado con el Mannes College of Music, la Manhattan School of Music en Nueva York, o International Vocal Arts Institute, European Center for Vocal Arts, Chautauqua School of Music, Opera Theatre de St Louis, Ravinia Festival y Glimmerglass Opera. Ha impartido masterclasses en la Opera Hogskolan de la Universidad de las Artes en Estocolmo, la Royal Irish Academy of Music en Dublin, la Universidad de Michigan y la Georgia State University en Atlanta.

Graduado de la Manhattan School of Music, Kamal Khan ha sido asistente de James Levine en la Metropolitan Opera y ha colaborado con directores como Nello Santi, James Conlon, Julius Rudel, Christian Thielemann, Carlo Rizzi y Marco Armiliato y los cantantes Teresa Stratas, Plácido Domingo, Renata Scottò, Sherrill Milnes, Dame Kiri Te Kanawa, Dmitri Hvorostovsky, Marcelo Alvarez, Mirella Freni, Luciano Pavarotti, Marilyn Horne, Bryn Terfel, Renée Fleming, Carlo Bergonzi, Tatiana Troyanos, Gheena Dimitrova, Bonaldo Giaiotti y Vladimir Chernov, entre muchos otros.

Natural de Washington DC, Kamal Khan recibió el premio de la National Foundation for the Advancement of the Arts, así como galardones de la National Association of Music Teachers, National Symphony Orchestra. Su documental para PBS- Channel 13, I Live to Sing, basado en su trabajo en Sudáfrica, ganó en 2014 el EMMY al mejor programa cultural (<http://www.thirteen.org/program-content/i-live-to-sing-full-program/>)

En A Coruña, ha dirigido *Carmen* con la Sinfónica de Galicia además de *Tosca* y *La Sonnambula* junto a la Sinfónica de Castilla y León.

KAMAL KHAN

Director

O director de orquestra e pianista americano Kamal Khan actuou con numerosas compañías de ópera en todo o mundo, incluíndo a Metropolitan Opera, a Dallas Opera, a Baltimore Opera, a Palm Beach Opera, o Teatro Colón de Bos Aires, o Teatro Municipal de Río de Xaneiro e São Paulo en Brasil, o Teatro das Belas Artes de México, a Oper der Stadt Bonn e mais o Staatstheater Schwerin, en Alemaña, a Cape Town Opera, a Opera South Africa, a Opera de Porto Rico e os festivais de Santander, Mérida, A Coruña, Tenerife e Málaga en España. Ademais dirixiu a Jerusalem Symphony, a Buenos Aires Philharmonic, a Beijing Symphony, a Shanghai Symphony, a São Paulo Philharmonic, a Sinfónica de Baleares, a Filharmónica de Oviedo, a Orquestra da RTVE, a Cape Town Philharmonic, a Kwazulu-Natal Philharmonic e a Orchestra of the Academy of St Martin in the Fields.

Entre as óperas que dirixiu atópanse *Don Giovanni*, *Le Nozze di Figaro*, *Così fan Tutte*, *Die Zauberflöte*, *Norma*, *I Puritani*, *La Sonnambula*, *Lucia di Lammermoor*, *La Favorita*, *L'Elisir d'Amore*, *Tosca*, *Rigoletto*, *La Bohème*, *Il Trittico*, *Turandot*, *La Traviata*, *Nabucco*, *Un Ballo in Maschera*, *Carmen*, *Werther*, *Mefistofele*, *Cavalleria Rusticana*, *I Pagliacci*, *Die Fliegende Holländer*, *Ariadne auf Naxos*, *Porgy and Bess*, *Die Fledermaus*, *The Rake's Progress*, *The Merry Widow* e as premieres en África de *Il Viaggio a Reims* e *Dead Man Walking* e as *Five:20 Operas Made in South Africa* comisionadas para celebrar o South African College of Music's Centennial in 2011 seguido das *Four:30 Operas Made in South Africa*.

Como recitalista e pianista acompañante, actuou no Alice Tully Hall, Carnegie Hall e Weill Hall en Nova York, The Kennedy Center en Washington DC, Gran Teatro Liceu e Palau de la Música Catalana en Barcelona, Palais Garnier en París, Suntory Hall e Casals Hall en Toquio, o Palau de Congressos en Andorra e o Baxter Concert Hall e Montecasino en África do Sur con cantantes como Juan Pons, June Anderson, Verónica Villarroel, Pretty Yende, Nadine Sierra, Justino Diaz, Lauren Flanigan, Herman Prey e Ainoha Arteta.

Kamal Khan é o responsable da Escola de Ópera na Universidade de Cape Town, facultade afiliada á Royal Opera House Covent Garden Jette Parker Young Artists Program. É ademais director artístico e musical do Mediterranean Opera Studio e Festival. Foi director asistente no Metropolitan Opera e director residente da Palm Beach Opera, onde fundou o Resident Artist Program. Tamén foi director residente do Festival de Ópera de Tenerife e responsable da Facultade da Escola Internacional de Estudos Vocais das Illas Baleares. Ademais colaborou co Mannes College of Music, a Manhattan School of Music en Nova York, o International Vocal Arts

Institute, o European Center for Vocal Arts, a Chautauqua School of Music, a Opera Theatre de St Louis, o Ravinia Festival e mais a Glimmerglass Opera. Impartiu masterclasses na Opera Hogskolan da Universidade das Artes en Estocolmo, na Royal Irish Academy of Music en Dublin, na Universidade de Michigan e mais na Georgia State University en Atlanta.

Graduado da Manhattan School of Music, Kamal Khan foi asistente de James Levine na Metropolitan Opera e colaborou con directores como Nello Santi, James Conlon, Julius Rudel, Christian Thielemann, Carlo Rizzi e Marco Armiliato e os cantantes Teresa Stratas, Plácido Domingo, Renata Scotto, Sherrill Milnes, Dame Kiri Te Kanawa, Dmitri Hvorostovsky, Marcelo Alvarez, Mirella Freni, Luciano Pavarotti, Marilyn Horne, Bryn Terfel, Renée Fleming, Carlo Bergonzi, Tatiana Troyanos, Ghena Dimitrova, Bonaldo Giaiotti e Vladimir Chernov, entre moitos outros.

Natural de Washington DC, Kamal Khan recibiu o premio da National Foundation for the Advancement of the Arts, así como galardóns da National Association of Music Teachers, National Symphony Orchestra. O seu documental para PBS- Channel 13, *I Live to Sing*, baseado no seu traballo en África do Sur, gañou en 2014 o EMMY ao mellor programa cultural (<http://www.thirteen.org/program-content/i-live-to-sing-full-program/>)

Na Coruña, dirixiu *Carmen* coa Sinfónica de Galicia ademais de *Tosca* e *La Sonnambula* xunto á Sinfónica de Castela e León.



ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA

Creada en 1992 por el Ayuntamiento de A Coruña, ciudad en cuyo Palacio de la Ópera tiene su sede, la Orquesta Sinfónica de Galicia (OSG) es una de las agrupaciones orquestales de mayor proyección en España además de una marca internacional con seguidores en los cinco continentes a través de su canal de YouTube.

La OSG, cuyo director titular desde la temporada 2013-14 es Dima Slobodeniouk y Víctor Pablo Pérez su director honorario, ha sido orquesta residente del Festival Rossini de Pésaro de 2003 a 2005 y del Festival Mozart de A Coruña desde su creación en 1998. Además su presencia nacional e internacional ha sido constante, con conciertos en las mejores salas en España y con varias giras por Alemania y Austria. En 2007 realizó una gira por América del Sur —con conciertos en Chile, Argentina, Brasil, Uruguay y Montevideo—, a finales de 2009 se presentó en la histórica sala del Musikverein de Viena y en 2016 ofreció dos conciertos en los Emiratos Árabes.

Tanto para sus conciertos internacionales como para sus programas de abono la OSG cuenta con solistas como Anne-Sophie Mutter, Isabelle Faust, Maurizio Pollini, Krystian Zimerman, Grigory Sokolov, Frank Peter Zimmermann, Maria Joao Pires, Elisabeth Leonskaja, Dmitri Sitkovetsky, Stefan Dohr, Alica Sara Ott, Gil Shaham, Sarah Chang, Leonidas Kavakos, Arcadi Volodos, Mischa Maisky, Javier Perianes o Christian Lindberg entre otros muchos. Con ella han cantado Bryn Terfell, Ewa Podles, Plácido Domingo, Juan Diego Flórez, Simon Estes, Leo Nucci, Alfredo Kraus, Teresa Berganza, María Bayo, Ainhoa Arteta, Mirella Freni, Ann Murray, Amanda Roccroft, Ildar Abdrazakov, Hildegard Behrens, Eva Marton, Giuseppe Giacomini, Philip Langridge, Carlos Chausson, Raúl Giménez, Isabel Rey, Carlos Álvarez, Ana María Sánchez o Giuseppe Sabbatini, y siempre bajo la batuta de maestros como Lorin Maazel, Sir Neville Marriner, Michail Jurowski,

Ton Koopman, Guennadi Rozdestvenski, Libor Pesek, Maurizio Pollini, Christoph Eschenbach, James Judd, Stanislaw Skrowaczski, Richard Egarr, Daniel Harding, Jesús López Cobos, Osmo Vänskä, Alberto Zedda, Yoav Talmi, Raymond Leppard, Carlo Rizzi, Josep Pons, John Nelson, Gianandrea Nosedà, Ron Goodwin o Manfred Honeck entre outros.

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

Creada en 1992 polo Concello da Coruña, cidade en cuxo Palacio da Ópera ten a súa sede, a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é unha das agrupacións orquestrais de maior proxección en España ademais dunha marca internacional con seguidores nos cinco continentes a través da súa canle de YouTube.

A OSG, cuxo director titular desde a temporada 2013-14 é Dima Slobodeniouk e Víctor Pablo Pérez o seu director honorario, foi orquestra residente do Festival Rossini de Pésaro de 2003 a 2005 e do Festival Mozart da Coruña desde a súa creación en 1998. Ademais a súa presenza nacional e internacional foi constante, con concertos nas mellores salas en España e con varias xiras por Alemaña e Austria. En 2007 realizou unha xira por América do Sur —con concertos en Chile, Arxentina, Brasil, Uruguai e Montevideo—, a finais de 2009 presentouse na histórica sala do Musikverein de Viena e en 2016 ofreceu dous concertos nos Emiratos Árabes.

Tanto para os seus concertos internacionais como para os programas de abono a OSG conta con solistas como Anne-Sophie Mutter, Isabelle Faust, Maurizio Pollini, Krystian Zimerman, Grigory Sokolov, Frank Peter Zimmermann, Maria Joao Pires, Elisabeth Leonskaja, Dmitri Sitkovetsky, Stefan Dohr, Alica Sara Ott, Gil Shaham, Sarah Chang, Leonidas Kavakos, Arcadi Volodos, Mischa Maisky, Javier Perianes ou Christian Lindberg entre outros moitos. Con ela cantaron Bryn Terfel, Ewa Podles, Plácido Domingo, Juan Diego Flórez, Simon Estes, Leo Nucci, Alfredo Kraus, Teresa Berganza, María Bayo, Ainhoa Arteta, Mirella Freni, Ann Murray, Amanda Roocroft, Ildar Abdrazakov, Hildegard Behrens, Eva Marton, Giuseppe Giacomini, Philip Langridge, Carlos Chausson, Raúl Giménez, Isabel Rey, Carlos Álvarez, Ana María Sánchez ou Giuseppe Sabbatini, e sempre baixo a batuta de mestres como Lorin Maazel, Sir Neville Marriner, Michail Jurowski, Ton Koopman, Guennadi Rozdestvenski, Libor Pesek, Maurizio Pollini, Christoph Eschenbach, James Judd, Stanislaw Skrowaczski, Richard Egarr, Daniel Harding, Jesús López Cobos, Osmo Vänskä, Alberto Zedda, Yoav Talmi, Raymond Leppard, Carlo Rizzi, Josep Pons, John Nelson, Gianandrea Nosedà, Ron Goodwin ou Manfred Honeck entre outros.

JUNTA DIRECTIVA DE AMIGOS DE LA ÓPERA DE A CORUÑA

Presidenta

Natalia Lamas Vázquez

Vicepresidente

José María Paz Gago

Secretaria

Ana Vasco del Castillo

Tesorera

Carmen Granados Cabezas

Vocales

Luis Loureiro Ínsua

José M. Fuciños Sendín

EQUIPO TÉCNICO

Administrativa

Ana Isabel Díaz Loureiro

Producción

Nuria García Montiel

Director Artístico de la Programación Lírica de A Coruña

César Wonenburger

La Asociación Amigos de la Ópera de A Coruña es miembro de
www.amigosoperacoruna.org - <https://www.facebook.com/Amigosoperacoruna>



Organiza:



Colaboran:

